An action that took place at an undetermined time in the past but is connected to the present	*James **has** recently **read** that novel.* (James leu hai pouco esa novela.)	

PRESENT PERFECT CONTINUOUS

FORM		
Affirmative	**Negative**	**Interrogative**
I / You **have been singing**	I / You **have not (haven't) been singing**	**Have** I / you **been singing**?
He / She / It **has been singing**	He / She / It **has not (hasn't) been singing**	**Has** he / she / it **been singing**?
We / You / They **have been singing**	We / You / They **have not (haven't) been singing**	**Have** we / you / they **been singing**?

Uses	Examples	Time Expressions
An action that started in the past and still continues in the present	*How long **have** you **been waiting**?* (Canto tempo levas a agardar?)	for a year, since 2012, how long ... ?, all night / morning / day / week
An action whose results are still apparent	*I'm tired. I **have been training** all morning.* (Estou canso. Levo a adestrar toda a mañá.)	

PAST PERFECT SIMPLE

FORM		
Affirmative	**Negative**	**Interrogative**
I / You **had slept**	I / You **had not (hadn't) slept**	**Had** I / you **slept**?
He / She / It **had slept**	He / She / It **had not (hadn't) slept**	**Had** he / she / it **slept**?
We / You / They **had slept**	We / You / They **had not (hadn't) slept**	**Had** we / you / they **slept**?

Use	Example	Time Expressions
A completed action which took place before another action in the past	*By the time you **arrived**, everyone **had** already **left**.* (No momento en que chegaches, todo o mundo xa marchara.)	already, by the time, after, before, until, never, just

FUTURE SIMPLE

FORM		
Affirmative	**Negative**	**Interrogative**
I / You **will leave**	I / You **will not (won't) leave**	**Will** I / you **leave**?
He / She / It **will leave**	He / She / It **will not (won't) leave**	**Will** he / she / it **leave**?
We / You / They **will leave**	We / You / They **will not (won't) leave**	**Will** we / you / they **leave**?

Uses	Examples	Time Expressions
A prediction	*Don't worry, I'm sure you **will make** it.* (Non te preocupes, estou certa de que o acadarás.)	this evening, in an hour, at 2 o'clock, later, tomorrow, next month / year, soon, in a few weeks, in the future, on 1st May
A timetable	*The train **will depart** in eight minutes.* (O tren sairá en oito minutos.)	
A spontaneous decision	*I can't go right now, but I **will join** you later.* (Non podo ir agora mesmo, pero acompañareite máis tarde.)	

BE GOING TO

FORM		
Affirmative	**Negative**	**Interrogative**
I **am going to win**	I **am** (**I'm**) **not going to win**	**Am** I **going to win**?
You **are going to win**	You **are not** (**aren't**) **going to win**	**Are** you **going to win**?
He / She / It **is going to win**	He / She / It **is not** (**isn't**) **going to win**	**Is** he / she / it **going to win**?
We / You / They **are going to win**	We / You / They **are not** (**aren't**) **going to win**	**Are** we / you / they **going to win**?

Uses	Examples	Time Expressions
A planned action for the future	*Pete **is going to buy** a new car in the next few days.* (Pete vai mercar un coche novo nos vindeiros días.)	this evening, later, in an hour, at 4 o'clock, tomorrow, soon, next month / year, in a few weeks, on 8th May
An action that is about to happen	*Be careful! You**'re going to fall**!* (Coidado! Vas caer!)	

FUTURE PERFECT SIMPLE

FORM		
Affirmative	**Negative**	**Interrogative**
I / You **will have gone**	I / You **will not** (**won't**) **have gone**	**Will** I / you **have gone**?
He / She / It **will have gone**	He / She / It **will not** (**won't**) **have gone**	**Will** he / she / it **have gone**?
We / You / They **will have gone**	We / You / They **will not** (**won't**) **have gone**	**Will** we / you / they **have gone**?

Use	Example	Time Expressions
An action that will be completed by a certain time in the future	*No problem, we **will have finished** by then.* (Non hai problema, teremos rematado para aquela.)	by this time next week, by 3 o'clock, by the end of ... , by then, by August, in four months

FUTURE CONTINUOUS

FORM		
Affirmative	**Negative**	**Interrogative**
I / You **will be lying**	I / You **will not** (**won't**) **be lying**	**Will** I / you **be lying**?
He / She / It **will be lying**	He / She / It **will not** (**won't**) **be lying**	**Will** he / she / it **be lying**?
We / You / They **will be lying**	We / You / They **will not** (**won't**) **be lying**	**Will** we / you / they **be lying**?

Uses	Examples	Time Expressions
An action in progress at a certain future time	*At this time tomorrow, she **will be enjoying** that Broadway show.* (Mañá a estas horas, estará a gozar dese espectáculo de Broadway.)	at this time tomorrow / next ... , on Thursday, in the next decade
Future plans	*Mike **will be studying** abroad next year.* (Mike estará a estudar no estranxeiro o ano que vén.)	

Make the Grade 2 Galician © Burlington Books

1 Wanderlust

PRESENT PERFECT CONTINUOUS / PAST PERFECT CONTINUOUS

Present Perfect Continuous

Nota: Ver o cadro do *Present Perfect Continuous* na páxina 13.

Past Perfect Continuous

FORM		
Affirmative	**Negative**	**Interrogative**
I / You **had been running**	I / You **had not (hadn't) been running**	**Had** I / you **been running**?
He / She / It **had been running**	He / She / It **had not (hadn't) been running**	**Had** he / she / it **been running**?
We / You / They **had been running**	We / You / They **had not (hadn't) been running**	**Had** we / you / they **been running**?

Use	Example	Time Expressions
An action which continued up to another past action	*They **had been living** in New York for years until they moved away.* (Estiveron a vivir en Nova York durante anos até que se mudaron.)	for hours, since last April, all morning, when, until, before

Forma

Afirmativa: suxeito + **had** + **been** + verbo principal rematado en **-ing**.

Negativa: suxeito + **had** + **not** (ou **n't**) + **been** + verbo principal rematado en **-ing**.

Interrogativa: had + suxeito + **been** + verbo principal rematado en **-ing**.

Uso

- Falar dunha acción prolongada que ocorreu no pasado antes que outra acción breve tamén pasada.
  É moi común traducilo como "levar a" en pretérito imperfecto + un verbo en infinitivo.

  *We **had been walking** for hours when we suddenly decided to hop on a bus.*
  (Levabamos a andar horas cando de súpeto decidimos montarnos nun autobús.)

O habitual é que esas dúas accións vaian unidas por unha conxunción, que pode ser temporal, como as do cadro (**when**, **until**, **before**), concesiva (**although**) ou causal (**because**).

*Her eyes were red **because** she had been crying.*
(Tiña os ollos vermellos porque estivera a chorar.)

O *Present Perfect Continuous* describe unha acción que comezou no pasado e continúa de maneira ininterrompida no presente. Pódese enfatizar a duración da actividade con expresións como **for**, **since**, **all day**, etc.

*Sam **has been studying** French **for** years.*
(Sam leva anos a estudar francés.)

En troques, o *Past Perfect Continuous* describe a duración de algo no pasado até o comezo doutra actividade.

*We **had been walking** for hours when Jon tripped.*
(Levabamos a andar horas cando Jon tropezou.)

2 Living Well

AS ORACIÓNS CONDICIONAIS

Conditional Clause	Result Clause	Examples
ZERO CONDITIONAL		
if / when / unless + Present Simple	Present Simple	***If** / **When** I **drink** coffee, I **don't sleep** at night.* (Se / Cando bebo café, non durmo pola noite.)
	modal + base form	*You **can't go** to the concert **unless** you **have** tickets.* (Non podes ir ao concerto se non tes entradas.)
FIRST CONDITIONAL		
if / unless + Present Simple	Future Simple	***Unless** we **hurry**, we **will be** late.* (A non ser que apuremos, chegaremos tarde.)
	imperative	***Don't drive if** you **feel** drowsy.* (Non conduzas se tes sono.)
	modal + base form	***If** he **doesn't rest**, he **may have** a relapse.* (Se non descansa, pode ter unha recaída.)
SECOND CONDITIONAL		
if / unless + Past Simple	***would*** + base form	***If** I **had** the money, I **would travel** all over the world.* (Se tivese cartos, viaxaría por todo o mundo.)
	could / might + base form	*She **could / might sing** very well **if** she **practised** more often.* (Podería cantar moi ben se practicase máis a miúdo.)
THIRD CONDITIONAL		
if + Past Perfect Simple	***would have*** + past participle	***If** you **had come**, you **would have had** a really good time.* (Se tiveses vido, teríalo pasado realmente ben.)
	could / might have + past participle	*We **could / might have got** lost **if** we **hadn't used** a GPS.* (Poderiamos ternos perdido se non tivésemos utilizado un GPS.)

Son oracións compostas por unha proposición subordinada que expresa a condición (**conditional clause**) e unha principal que sinala o resultado (**result clause**). Non importa a orde en que se coloquen as proposicións mais, se a condición vai primeiro, debe poñerse unha vírgula entre ambas as dúas.

***If** they **pass** all the exams, they **will go** to university next year.*
(Se aproban todos os exames, irán á universidade o ano vindeiro.)

*They **will go** to university next year **if** they **pass** all the exams.*
(Irán á universidade o ano vindeiro se aproban todos os exames.)

O condicional cero

Emprégase **if** + *Present Simple* na condición e o *Present Simple* no resultado. Expresa situacións que se repiten sempre que se dá unha determinada condición. Ás veces pode empregarse **when** no canto de **if** sen que o significado da frase varíe.

***If** you **heat** water to 100ºC, it **boils**.*
(Se quentas augas a 100 ºC, ferve.)

***When** you **heat** water to 100ºC, it **boils**.*
(Cando quentas auga a 100 ºC, ferve.)

Make the Grade 2 Galician © Burlington Books

Ademais do *Present Simple*, no resultado tamén se poden empregar os verbos modais.

***If** you **have** celiac disease, you **can't eat** gluten.*
(Se tes a enfermidade celíaca, non podes comer glute.)

Para expresar que algo ocorre ou non se non se cumpre a condición, a proposición subordinada introdúcese pola conxunción **unless**, que equivale a **if not** ("a non ser que", "a menos que", "se non"), ou négase o verbo da condición.

***Unless** you **press** that button, it **doesn't work**.*
***If** you **don't press** that button, it **doesn't work**.*
(A non ser que premas / Se non premes ese botón, non funciona.)

Ten en conta que **unless** se emprega bastante a miúdo no condicional cero e no primeiro condicional, pero é menos frecuente no segundo condicional e nunca se emprega no terceiro.

O primeiro condicional

Emprégase **if** + *Present Simple* na condición e o *Future Simple* no resultado. Expresa que ocorrerá se se cumpre a condición sinalada.

***If** they **lose** this match, they **won't qualify** for the World Championship.*
(Se perden este partido, non se clasificarán para o Mundial.)

Ademais do *Future Simple*, no resultado tamén se poden empregar os verbos modais ou o imperativo.

***If** he **doesn't call** you **back**, **text** him later.*
(Se non che devolve a chamada, envíalle unha mensaxe máis tarde.)

Nota: Algunhas veces os modais poden empregarse tanto na condición coma no resultado.

***If** you **can arrive** on time, you **should see** the exhibition.*
(Se podes chegar a tempo, deberías ver a exposición.)

O segundo condicional

Emprégase **if** + *Past Simple* na condición e **would** + o verbo na forma base no no resultado. Expresa condicións hipotéticas referidas ao presente, isto é, que é pouco probábel que ocorran.

*You **wouldn't be** out of shape **if** you **exercised** more.*
(Non estarías en baixa forma se fixeses máis exercicio.)

Se o verbo da condición é **to be**, adoita empregarse **were** en todas as persoas do singular e do plural.

***If** she **were** rich, she **would buy** a luxury flat.*
(Se fose rica, mercaría un apartamento luxoso.)

Para dar consellos emprégase a fórmula **If I were**.

***If I were** you, I **would save** some money.*
(Eu de ti, aforraría algúns cartos.)

No canto de **would** poden empregarse os modais **could** ou **might** no resultado, mais ambos os dous sinalan que a probabilidade de que se cumpra a hipótese é aínda menor. Equivalen ao verbo "poder" en condicional ou ás expresións "talvez" ou "quizais" + condicional.

***If** they **gave** more discounts, they **could** / **might have** more clients.*
(Se fixesen máis descontos, poderían ter / talvez tivesen máis clientes.)

O terceiro condicional

Fórmase con **if** + *Past Perfect Simple* na condición e **would have** + participio no resultado. Neste caso a condición é totalmente imposíbel, pois refírese ao pasado e xa non pode realizarse.

***If** we **had taken** the car, we **would have been** stuck in a traffic jam.*
(Se tivésemos collido o coche, estariamos retidos nun atasco.)

No canto de **would have** + participio, no resultado pode empregarse **could have** ou **might have** + participio.

***If** you **had exceeded** the speed limit, you **could** / **might have had** an accident.*
(Se tiveses sobrepasado o límite de velocidade, poderías ter sufrido un accidente.)

AS ORACIÓNS TEMPORAIS

As referidas ao futuro fórmanse como as oracións do primeiro condicional: *Present Simple* na subordinada e *Future Simple* na principal. As que fan referencia a feitos xerais fórmanse como o condicional cero: co verbo en *Present Simple* na subordinada e na principal. O que cambian son as conxuncións no canto de **if** ou **unless**, empréganse as expresións temporais **as soon as**, **by the time**, **the moment (that)**, **when**, etc.

***I'll call** you **as soon as** I **get** home.*
(Chamareite en canto chegue á casa.)

***When** I **watch** comedies, I always **laugh** out loud.*
(Cando vexo comedias, sempre río ás gargalladas.)

AS ORACIÓNS DESIDERATIVAS

FORM	USES	EXAMPLES
wish / if only **+ Past Simple**	Refers to a present situation that the speaker is unhappy about	*I **wish** I **had** the power to put an end to violence.* (Oxalá tivese o poder de pór fin á violencia.) ***If only** that band **performed** in London.* (Oxalá ese grupo musical tocase en Londres.)
wish / if only **+ Past Perfect Simple**	Expresses regret about a past action or situation	*I **wish** he **hadn't got** into trouble.* (Oxalá non se tivese metido nunha lea.) ***If only** we **had thought** this **through**.* (Oxalá tivésemos reflexionado sobre isto.)
wish / if only **+ *could / would* + base form**	Expresses a desire for something to happen in the future	*She **wishes** she **could participate** in the race.* (Oxalá puidese participar na carreira.) ***If only** they **would find** a cure for Alzheimer's.* (Oxalá atopen unha cura para o alzhéimer.)

As oracións desiderativas expresan un desexo e pódense formar co verbo **wish** ou coa expresión **if only**.

O verbo **wish** adoita levar como obxecto directo unha oración subordinada. Equivale aos verbos "desexar" ou "gustar" en condicional, agás en primeira persoa do singular, que se traduce por "oxalá".

A expresión **if only** ten o mesmo significado: "Oxalá...", "Se cando menos...".

*I **wish** / **If only** it **weren't** so cold.*
(Oxalá / Se cando menos non fose tanto frío.)

Tanto **wish** coma **if only** poden empregarse con varios tempos verbais, coma se ve no cadro.

- Co *Past Simple* referímonos a situacións presentes que quereriamos cambiar ou mellorar.

  *I **wish** I **knew** how to help her.*
  (Oxalá soubese como axudala.)

Se o verbo que vai en *Past Simple* é **to be**, cómpre empregar **were** en todas as persoas, incluídas a primeira e a terceira do singular.

*I **wish** Matt **were** here.*
(Oxalá Matt estivese aquí.)

- Co *Past Perfect Simple* laiámonos dos feitos ocorridos no pasado.

  *I **wish** I **hadn't declined** the offer.*
  (Oxalá non tivese rexeitado a oferta.)

- Con **could** ou **would** + un verbo na forma base expresamos os nosos desexos sobre situacións futuras, sinalando que é pouco probábel que ocorran.

  *I **wish** I **could make** him change his mind.*
  (Oxalá puidese facer que cambiase de opinión.)

  Se o suxeito de **wish** e o do verbo na forma base son diferentes, empregamos **would**.

  ***I wish you would listen** to Joe.*
  (Oxalá escoitases a Joe.)

Make the Grade 2 Galician © Burlington Books

3 Enjoy the Show

A VOZ PASIVA

TENSE	ACTIVE	PASSIVE
Present Simple	*The chairman **arranges** the meeting.* (O presidente organiza a reunión.)	*The meeting **is arranged** by the chairman.* (A reunión é organizada polo presidente.)
Present Continuous	*The chairman **is arranging** the meeting.* (O presidente está a organizar a reunión.)	*The meeting **is being arranged** by the chairman.* (A reunión esta a ser organizada polo presidente.)
Past Simple	*The chairman **arranged** the meeting.* (O presidente organizou a reunión.)	*The meeting **was arranged** by the chairman.* (A reunión foi organizada polo presidente.)
Past Continuous	*The chairman **was arranging** the meeting.* (O presidente estaba a organizar a reunión.)	*The meeting **was being arranged** by the chairman.* (A reunión estaba a ser organizada polo presidente.)
Present Perfect Simple	*The chairman **has arranged** the meeting.* (O presidente organizou a reunión.)	*The meeting **has been arranged** by the chairman.* (A reunión foi organizada polo presidente.)
Past Perfect Simple	*The chairman **had arranged** the meeting.* (O presidente organizara a reunión.)	*The meeting **had been arranged** by the chairman.* (A reunión fora organizada polo presidente.)
Future Simple	*The chairman **will arrange** the meeting.* (O presidente organizará a reunión.)	*The meeting **will be arranged** by the chairman.* (A reunión será organizada polo presidente.)
Future Perfect Simple	*The chairman **will have arranged** the meeting.* (O presidente terá organizado a reunión.)	*The meeting **will have been arranged** by the chairman.* (A reunión tería sido organizada polo presidente.)
Modals	*The chairman **must arrange** the meeting.* (O presidente debe organizar a reunión.)	*The meeting **must be arranged** by the chairman.* (A reunión debe ser organizada polo presidente.)
Modal Perfects	*The chairman **must have arranged** the meeting.* (O presidente debe ter organizado a reunión.)	*The meeting **must have been arranged** by the chairman.* (A reunión debeu ter sido organizada polo presidente.)
have to	*The chairman **has to arrange** the meeting.* (O presidente ten que organizar a reunión.)	*The meeting **has to be arranged** by the chairman.* (A reunión ten que ser organizada polo presidente.)
be going to	*The chairman **is going to arrange** the meeting.* (O presidente vai organizar a reunión.)	*The meeting **is going to be arranged** by the chairman.* (A reunión vai ser organizada polo presidente.)

Forma

Afirmativa: suxeito + **to be** como auxiliar no tempo correspondente + participio do verbo principal.

*The patient **is being examined** by the doctor.*
(O paciente está a ser examinado polo doutor.)

A pasiva é máis frecuente en inglés que en galego, polo que se adoita traducir o verbo en activa, na forma impersoal ou en pasiva reflexa.

Negativa: suxeito + **to be** como auxiliar no tempo correspondente + **not** (ou **n't**) + participio do verbo principal.

*The package **wasn't delivered** on time.*
(O paquete non foi entregado a tempo.)

Se a frase leva un modal, un verbo en *Future Simple* ou un tempo composto, o que se nega é o modal ou o auxiliar.

*That episode **can't be dubbed** until next Monday.*
(Ese episodio non pode dobrarse até o vindeiro luns.)

Interrogativa: to be como auxiliar no tempo correspondente + suxeito + participio do verbo principal.

***Was** that trailer **shot** in Iceland?*
(Rodouse ese tráiler en Islandia?)

Se na pregunta hai un modal, un verbo en *Future Simple* ou un tempo composto, a frase pasiva comeza co modal ou o auxiliar. O mesmo que na voz activa.

***Will** Nora's paintings **be exhibited** next week?*
(Exporanse os cadros de Nora a vindeira semana?)

Nas preguntas con partícula interrogativa tamén se inverte a orde do verbo auxiliar e do suxeito, agás cando a partícula fai de suxeito.

***When was** the first season **released**?*
(Cando se estreou a primeira tempada?)

***Who will be given** an award?*
(A quen se lle entregará un premio?)

Como pasar unha oración a pasiva

- Ponse como suxeito o obxecto que haxa detrás do verbo en activa, xa sexa directo, xa sexa indirecto.

  *Jill **decorated the room** with flowers.*
  ***The room was decorated** with flowers by Jill.*
  (O cuarto foi decorado con flores por Jill.)

  Cando hai dous obxectos, o máis común en inglés é poñer o obxecto indirecto como suxeito.

  *They **should give Leah** some time to rest.*
  ***Leah should be given** some time to rest.*
  *Some time to rest **should be given to Leah**.*
  [menos frecuente]
  (Deberían darlle un tempo de descanso a Leah.)

  Se o obxecto indirecto é un pronome obxecto, cámbiase á forma de pronome suxeito.

  *Dan **has defeated him** in the third round.*
  ***He has been defeated** in the third round by Dan.*
  (Foi derrotado na terceira rolda por Dan.)

- Ponse o verbo **to be** no mesmo tempo que tiña o verbo principal na voz activa, seguido do verbo principal, en participio.

  *He **told** Jean that the end was predictable.*
  *Jean **was told** that the end was predictable.*
  (Díxolle a Jean que o final era predicíbel.)

No que se refire aos modais e **be going to**, é o verbo que os segue o que se pon en pasiva.

*We **must take** action before it's too late.*
*Action **must be taken** before it's too late.*
(Debemos pasar á acción antes de que sexa tarde de máis.)

*They **are going to demolish** the building.*
*The building **is going to be demolished**.*
(O edificio vai ser demolido.)

- Colócase o suxeito da activa ao final, precedido de **by**. Cómpre cambialo polo seu correspondente pronome obxecto se é un persoal.

  ***She wrote** the report.*
  *The report **was written by her**.*
  (O informe foi escrito por ela.)

- Poden empregarse dúas formas de pasiva con verbos como **say**, **think**, **believe**, **know**, **report** e **expect**.

  1. Unha construción impersoal formada por **it** + verbo en pasiva + subordinada introducida por **that**. Tradúcese como unha oración impersoal ("Dise / crese / seica...") ou unha oración activa. Nas oracións pasivas formadas co verbo **expect**, o verbo da subordinada adoita ir en futuro.

  ***It is expected that** the documentary **will reach** all audiences.*
  (Agárdase / Agardan que o documental chegue a todos os públicos.)

  Know non adoita traducirse en voz activa e, en troques, pode traducirse en pasiva.

  ***It is known that** many animals die because of global warming.*
  (Sábese que / É sabido que moitos animais morren polo quecemento global)

  2. Unha construción formada por suxeito + verbo en pasiva + infinitivo. Este tipo de pasiva tamén se traduce como unha oración impersoal ou unha oración activa.

  *That chef **is said to be** the best in the city.*
  (Dise que / Seica ese chef é o mellor da cidade.)

Uso

- Indicar que a acción é máis relevante que o suxeito que a realiza, ben porque este é pouco importante ou descoñecido, ben porque non se quere nomear. Ademais, dese xeito evítase unha frase activa cuxo suxeito sería **somebody**, **nobody**, etc.

  *Somebody **stole** my car.*
  *My car **was stolen**.*
  (Roubáronme o coche.)

OS VERBOS CAUSATIVOS: *have* / *get* + something + *done*

A estrutura **have** / **get** + obxecto directo + participio expresa accións que se encargan a alguén.

***I'm having** / **getting** my hair **dyed**.*
(Voume tinxir o pelo.)

*They **had** their roof **repaired** yesterday.*
(Reparáronlles o tellado onte.)

*Bob **will get** his car **washed** tomorrow morning.*
(A Bob lavaranlle o coche mañá pola mañá.)

A estrutura ten un sentido pasivo, pois o obxecto directo que vai no medio recibe a acción do verbo que vai en participio, mais adoita traducirse na voz activa.

*I wanted to surprise her, so I **got** the flowers **sent**.*
(Quería sorprendela, así que lle enviei flores.)

*You **should have** your documents **backed up** at least once a month.*
(Deberías facer unha copia de seguranza dos teus documentos cando menos unha vez ao mes.)

*Sheryl **got** her nails **manicured** last Tuesday.*
(Sheryl fíxose a manicura o martes pasado.)

Aínda que ambos os dous se empregan indistintamente, **get** é máis informal e común no inglés falado.

*We **get** our carpet **replaced** every three years.*
(Cambiamos a moqueta cada tres anos.)

Make the Grade 2 Galician © Burlington Books

O XERUNDIO E O INFITIVO

O xerundio

É a forma verbal rematada en **-ing**. Funciona como substantivo nos seguintes casos:

- Como obxecto directo dalgúns verbos: **avoid**, **consider**, **deny**, **detest**, **dislike**, **enjoy**, **finish**, **miss**, **postpone**, **recommend**, **suggest**, etc.

  *Many people **enjoyed watching** that show.*
  (Moitas persoas gozaron vendo ese espectáculo.)

- Logo das preposicións.

  *Emily has always been afraid **of flying**.*
  (A Emily sempre lle deu medo voar.)

- Logo dalgunhas estruturas: **be used to**, **get used to**, **be worth**, **can't help**, **can't stand**, **don't mind** / **wouldn't mind**, **feel like**, **it's no use**, **look forward to**, **see myself**, etc.

  *I **don't mind working** overtime.*
  (Non me importa facer horas extra.)

- Como suxeito da oración cando se fala de accións ou feitos en xeral.

  ***Reading** is good for your brain.*
  (Ler é bo para o cerebro.)

O infinitivo

É a forma verbal que vai precedida de **to** e emprégase nestes casos:

- Logo de verbos como **afford**, **agree**, **appear**, **choose**, **decide**, **expect**, **hesitate**, **hope**, **learn**, **manage**, **offer**, **plan**, **promise**, **refuse**, **seem**, **want**, **wish**, etc.

  *We **have learnt to use** sign language recently.*
  (Aprendemos a empregar a lingua de signos recentemente.)

- Logo dalgúns adxectivos e adverbios.

  *He woke up **early to go** jogging.*
  (Ergueuse axiña para ir correr.)

Verbos seguidos de xerundio e de infinitivo

Verbos como **begin**, **continue**, **forbid**, **hate**, **intend**, **like**, **love**, **prefer**, **propose** ou **start** poden ir seguidos de ambas as dúas formas verbais sen que o seu significado varíe:

*We **began to dance** / **dancing** as soon as we heard the music.*
(Comezamos a bailar tan pronto como oímos a música.)

En troques, outros non significan o mesmo se levan detrás un xerundio ou un infinitivo. A continuación tes algúns exemplos:

- ***forget*** + **xerundio** emprégase en frases negativas para sinalar a imposibilidade de esquecer algo ocorrido no pasado.

  *I'll never **forget meeting** such an extraordinary woman.*
  (Nunca esquecerei coñecer unha muller tan extraordinaria.)

- ***forget*** + **infinitivo** significa "esquecerse de facer algo".

  *David **forgot to turn off** the lights.*
  (David esqueceu apagar as luces.)

- ***regret*** + **xerundio** significa "arrepentirse de facer algo no pasado".

  *Julia **regretted telling** her secret.*
  (Julia arrepentiuse de contar o seu segredo.)

- ***regret*** + **infinitivo** significa "laiarse do que se vai dicir a continuación".

  *I **regret to tell** you that this might be a life-threatening disease.*
  (Sinto dicirlle que esta podería ser unha doenza potencialmente mortal.)

- ***remember*** + **xerundio** significa "lembrar algo que se fixo no pasado".

  *I **don't remember saying** such a thing.*
  (Non lembro que dixera tal cousa.)

- ***remember*** + **infinitivo** significa "lembrarse de facer algo".

  ***Remember to take** your passport before you leave.*
  (Lémbrate de coller o pasaporte antes de saír.)

- ***stop*** + **xerundio** significa "deixar un hábito".

  *Leo feels much better since he **stopped smoking**.*
  (Leo atópase moito mellor desde que deixou de fumar.)

- ***stop*** + **infinitivo** significa "deixar de facer algo para facer outra cousa".

  *We will **stop to have** a break in an hour.*
  (Pararemos para facer un descanso nunha hora.)

4 Making a Living

AS ORACIÓNS DE RELATIVO

DEFINING RELATIVE CLAUSES	
Uses	**Examples**
who and **that** refer to people	*She is the actress **who / that** plays the leading role.* (Ela é a actriz que representa o papel principal.)
which and **that** refer to objects, animals …	*The jeans **which / that** I bought yesterday were dirt cheap.* (Os vaqueiros que merquei onte estaban tirados de prezo.)
when and **that** refer to a moment in time	*They will never forget the day **when / that** they graduated.* (Nunca esquecerán o día en que se graduaron.)
where refers to a particular place	*This is the house **where** my grandmother was brought up.* (Esta é a casa onde a miña avoa se criou.)
whose refers to possession	*He is the boy **whose** name I can never remember.* (El é o rapaz cuxo nome nunca podo lembrar.)
NON-DEFINING RELATIVE CLAUSES	
Use	**Example**
that cannot be used	*Harry, **who** is a remarkable student, was granted a scholarship.* (A Harry, que é un estudante excepcional, concedéuselle unha bolsa.) ~~*Harry, **that** is a remarkable student, was granted a scholarship.*~~ [Non é correcto.]

Son oracións subordinadas adxectivas introducidas por un pronome ou un adverbio relativo. Poden ser de dous tipos: **defining** (especificativas) e **non-defining** (explicativas).

Oracións especificativas

Achegan información esencial para identificar o antecedente.

- **Who** (persoas) e **which** (cousas, animais...) pódense substituír por **that**. Os tres pronomes poden omitirse se funcionan como complemento da oración subordinada.

  *The old man (**who** / **that**) you helped the other day is my grandfather.*
  (O ancián ao que axudaches o outro día é o meu avó.)

  *Sorry, but this is not the dessert (**which** / **that**) I had ordered.*
  (Desculpa, mais esta non é a sobremesa que pedira.)

- **When** (tempo) adoita substituírse por **that** ou omitirse en contextos informais cando vai precedido de substantivos que fan referencia ao tempo (**day**, **week**, **time**, etc.).

  *That is the day (**when** / **that**) they got married.*
  (Ese é o día en que casaron.)

- **Whose** (posesión) e **where** (lugar) non poden omitirse nin substituírse por **that**.

  *She is the girl **whose** poem won the first prize.*
  (Ela é a rapaza cuxo poema gañou o primeiro premio.)

  *That is the company **where** Martin works.*
  (Esa é a empresa en que traballa Martin.)

Se o relativo leva preposición, o máis común é omitilo e poñer a preposición detrás do verbo da oración subordinada.

  *The woman (**who** / **that**) you just talked **to** is an exceptional violinist.*
  (A muller coa que acabas de falar é unha violinista excepcional.)

Oracións explicativas

Engaden información que non é precisa para identificar o antecedente e van entre vírgulas. Fórmanse con **who**, **which**, **when**, **where** e **whose**, que non se poden omitir nin substituír por **that**.

  *Dr Smith, **who is a nutritionist**, doesn't approve of crash diets.*
  (O Dr. Smith, que é nutricionista, non está de acordo coas dietas de choque.)

Estruturas formal e informal

Nas oracións especificativas, cando o relativo vai acompañado dunha preposición, segue a empregarse **which** se o antecedente é unha cousa; mais se é unha persoa, no canto de **who** emprégase **whom**. Este é un uso moi formal. O máis común en ambos os dous casos é pór a preposición detrás do verbo da oración subordinada e omitir o pronome relativo.

  *This is the building **in which** I've lived for three years.*
  [formal]
  *This is the building (**which**) I've lived **in** for three years.*
  [informal]
  (Ese é o edificio no que vivín ao longo de tres anos.)

  *The man **to whom** he talked was the manager.*
  [formal]
  *The man (**who**) he talked **to** was the manager.*
  [informal]
  (O home co que falou era o xerente.)

Make the Grade 2 Galician © Burlington Books

5 Legal Matters

OS VERBOS MODAIS

Modals	Uses	Examples
can	Ability	*I **can speak** French.* (Sei falar francés.)
	Request, permission	***Can** we **take** a taxi? Yes, you **can**.* (Podemos coller un taxi? Podedes. / Si.)
	Possibility	*He **can play** different kinds of games on his tablet.* (Pode xogar a distintos tipos de xogos na súa tableta.)
	Suggestion	*We **can make** a cake for Danielle's birthday.* (Podemos facer unha torta para o aniversario de Danielle.)
be able to	Ability	*Carol **is able to ride** horses.* (Carol sabe montar a cabalo.)
	Possibility	***Will** they **be able to come round**?* (Poderán vir?)
can't	Inability	*We **can't face** this problem alone.* (Non podemos facer fronte a este problema sós.)
	Prohibition	*You **can't speak** on the phone here.* (Non se pode falar por teléfono aquí.)
	Disbelief, deduction	*It **can't be** Sarah. She is much taller than that girl.* (Non pode ser Sarah. Ela é moito máis alta ca esa rapaza.)
could	Past ability	*My grandmother **could climb** stairs easily a year ago, but now she can't.* (A miña avoa podía subir as escaleiras con facilidade hai un ano, mais agora non pode.)
	Polite request	***Could** you **close** the door when you leave, please?* (Poderías pechar a porta cando saias, por favor?)
	Polite suggestion	*We **could go** to the theatre on Friday.* (Poderiamos ir ao teatro o venres.)
	Possibility	*Temperatures **could increase** in the next few days.* (As temperaturas poderían ir a máis nos vindeiros días.)
may, might	Possibility	*They **may** / **might be visiting** Thailand next June.* (Pode / Podería ser que visiten Tailandia o vindeiro xuño.)
may	Polite request, permission	***May** I **offer** you something to drink?* (Podo ofrecerlle algo de beber?)
should, ought to	Advice, opinion	*If you have a fever, you **should** / **ought to go** to the doctor.* (Se tes febre, deberías ir ao médico.)
need to	Necessity, obligation	*You **need to enter** the password to log in.* (Precisas meter o contrasinal para comezar a sesión.)
have to	Necessity, obligation	*The wind was so strong that we **had to take** shelter.* (O vento era tan forte que tivemos que nos refuxiar.)
must	Necessity, obligation	*If something is compulsory, you **must do** it.* (Se algo é obrigatorio, debes facelo.)
	Strong belief	*Claire's parents **must be** proud, as she came first in her class.* (Os pais de Claire deben de estar orgullosos, pois foi a primeira da súa clase.)
mustn't	Prohibition	*You **mustn't send** text messages while you drive.* (Non debes enviar mensaxes de texto mentres conduces.)
don't need to, don't have to	Lack of obligation / necessity	*We **don't need** / **have to go** right now, since we have plenty of time.* (Non temos que ir xusto agora, pois temos moito tempo.)
needn't	Lack of obligation / necessity	*He **needn't bring** all his books with him.* (Non precisa traer todos os seus libros.)
would	Formal request	***Would** you **mind** passing me the salt, please?* (Importaríache pasarme o sal, por favor?)
	Offer	***Would** you **like** to eat pizza?* (Gustaríache comer pizza?)

Os verbos modais:

- Son invariábeis, polo que teñen unha mesma forma para todas as persoas e non se conxugan.
- Non precisan **do** / **does** para formaren a negativa nin a interrogativa.
- Sempre van seguidos dun verbo na forma base.

Be able to, **have to**, **ought to** e **need to** son semimodais, polo que non comparten todas estas características, mais si algúns dos seus usos (habilidade, obriga, etc.).

Usos

can

Emprégase para expresar habilidade ou capacidade, facer peticións, dar e pedir permiso, indicar posibilidade e facer suxestións.

be able to

O mesmo que **can**, serve para expresar habilidade ou posibilidade, mais **be able to** pode conxugarse, polo que se emprega en distintos tempos verbais.

can't

É a forma negativa de **can** e úsase para expresar incapacidade, prohibición, unha dedución negativa ou a certeza de que algo é imposible.

could

Emprégase para expresar habilidade ou capacidade no pasado e facer peticións máis educadas que con **can**. Tamén se emprega para facer suxestións menos directas que con **can** e sinalar unha posibilidade máis remota.

may, might

En afirmativa e negativa, expresan posibilidade (máis remota cando se emprega **might**) de que ocorra algo. **May** tamén se emprega para dar, pedir ou denegar permiso, ou para facer pedimentos máis formais que con **can**.

should, ought to

Os dous empréganse para dar consello e facer recomendacións. **Ought to** case non se emprega en negativa ou en interrogativa. **Should** é o máis empregado dos dous.

need to

Pódese conxugar e, polo tanto, pode empregarse en todos os tempos verbais. Expresa obriga ou necesidade.

have to, must

Expresan obriga ou necesidade, mais **have to** pode conxugarse e pode empregarse en tempos verbais diferentes. **Must** tamén pode empregarse para expresar unha conclusión lóxica.

mustn't

Indica prohibición.

don't need to, don't have to

Significan "non ter que" / "non ter por que", isto é, ausencia de obriga e de necesidade (como **needn't**).

needn't

O mesmo que **don't have to** e **don't need to**, sinala que non hai obriga ou

necesidade de facer algo, malia que o emprego de **needn't** é máis formal.

would

Emprégase para pedir ou ofrecer algo de maneira educada.

OS VERBOS MODAIS PERFECTOS

Modal Perfects	Uses	Examples
could have	Possibility to do something in the past which wasn't done in the end	*It was on sale last week. We **could have bought** it then.* (Estaba rebaixado a semana pasada. Poderiamos telo comprado daquela.)
can't / couldn't have	Certainty that something didn't happen	*She **can't / couldn't have gone** to work, as she's on holiday.* (Ela non pode / puido ter ido traballar, pois está de vacacións.)
may / might have	A guess or possibility that something was true	*He **may / might have bought** a new flat.* (Pode / Podería ser que teña comprado un piso novo.)
must have	Certainty or logical conclusion about an event in the past	*They **must have been** busy recently, since they haven't texted us back.* (Deberon de ter estado ocupados hai pouco, pois non contestaron as nosas mensaxes.)
should / ought to have	Criticism or regret after an event	*You **should / ought to have made** an appointment earlier.* (Deberías ter pedido citación antes.)
shouldn't have	Criticism or regret after an event	*We **shouldn't have spent** so much money on that plasma screen.* (Non deberiamos ter gastado tantos cartos nesa pantalla de plasma.)
would have	Willingness or desire to do something which wasn't actually done	*I **would have stayed** longer, but I had to leave for personal reasons.* (Teríame quedado máis tempo, mais tiven que marchar por motivos persoais.)
needn't have	To express that there was no obligation or necessity to do something	*You **needn't have given** me a present. Thank you very much!* (Non era preciso que me tiveses dado un agasallo. Moitas grazas!)

Make the Grade 2 Galician © Burlington Books

Usos

***could have* + participio**

Sinala que se puido facer algo no pasado, mais finalmente non se fixo.

***can't / couldn't have* + participio**

Sinala a certeza de que algo non puido ocorrer.

***may / might have* + participio**

Empréganse para facer unha suposición sobre un feito pasado.

***must have* + participio**

Expresa unha conclusión lóxica dun feito pasado.

***should / ought to have* + participio**

Con ambos os dous pode expresarse tanto unha crítica sobre o que ocorreu como laiarse de que non se cumprise o agardado.

***shouldn't have* + participio**

Expresa unha opinión crítica ou un lamento sobre un feito pasado, sinalando que nunca debería ter ocorrido.

***would have* + participio**

Indica que se quixo facer algo no pasado, mais non se puido por mor de factores ou circunstancias externas.

***needn't have* + participio**

Sinala que non había obriga ou necesidade de ter feito algo que se fixo.

> Should / had better

Como se xa viu, **should** emprégase para dicir o que se cre que se debería facer ou dar un consello ou unha opinión. Para expresar o mesmo, mais de forma moi coloquial, pode empregarse a estrutura **had better** (ou a contracción **'d better**).

Afirmativa: suxeito + **had better** + forma base do verbo. Significa "é / será mellor que" + un verbo en presente de subxuntivo.

*We**'d better rush** if we don't want to miss the speech.*
(É / Será mellor que nos apuremos se non queremos perdernos o discurso.)

Negativa: suxeito + **had better** + **not** + forma base do verbo.

*You**'d better not take** the car if it snows.*
(É / Será mellor que non collas o coche se neva.)

Interrogativa: o seu emprego non é frecuente.

Por outra parte, ten un emprego distinto de **should**, xa que tamén se emprega para advertir ou avisar o oínte de que algo malo ou desagradábel lle pode ocorrer se non fai o que se lle di. Significa "será mellor que..." / "máis vale que...".

*You**'d better mind** your step or you will fall.*
(Máis vale que mires onde pisas ou caerás.)

*You**'d better not play** music so loud if you don't want the neighbours to complain.*
(Será mellor que non poñas a música tan alta se non queres que os veciños se queixen.)

6 Planet Earth

O ESTILO INDIRECTO

TENSE	DIRECT SPEECH	REPORTED SPEECH
Present Simple	*"Joe **works** in a hospital."* (Joe traballa nun hospital.)	*She said that Joe **worked** in a hospital.* (Ela dixo que Joe traballaba nun hospital.)
Present Continuous	*"Joe **is working** in a hospital."* (Joe está a traballar nun hospital.)	*She said that Joe **was working** in a hospital.* (Ela dixo que Joe estaba a traballar nun hospital.)
Past Simple	*"Joe **worked** in a hospital."* (Joe traballou nun hospital.)	*She said that Joe **had worked** in a hospital.* (Ela dixo que Joe traballara nun hospital.)
Past Continuous	*"Joe **was working** in a hospital."* (Joe estaba a traballar nun hospital.)	*She said that Joe **had been working** in a hospital.* (Ela dixo que Joe estivera a traballar nun hospital.)
Present Perfect Simple	*"Joe **has worked** in a hospital."* (Joe traballou nun hospital.)	*She said that Joe **had worked** in a hospital.* (Ela dixo que Joe traballara nun hospital.)
Present Perfect Continuous	*"Joe **has been working** in a hospital."* (Joe estivo a traballar nun hospital.)	*She said that Joe **had been working** in a hospital.* (Ela dixo que Joe estivera a traballar nun hospital.)
Past Perfect Simple	*"Joe **had worked** in a hospital."* (Joe traballara nun hospital.)	*She said that Joe **had worked** in a hospital.* (Ela dixo que Joe traballara nun hospital.)
Past Perfect Continuous	*"Joe **had been working** in a hospital."* (Joe estivera a traballar nun hospital.)	*She said that Joe **had been working** in a hospital.* (Ela dixo que Joe estivera a traballar nun hospital.)
Future	*"Joe **will be working** in a hospital."* (Joe estará a traballar nun hospital.)	*She said that Joe **would be working** in a hospital.* (Ela dixo que Joe estaría a traballar nun hospital.)

CAMBIOS NOS MODAIS	
DIRECT SPEECH	**REPORTED SPEECH**
can	could
may	might
must / have to	had to

CAMBIOS NOUTRAS PALABRAS E EXPRESIÓNS	
DIRECT SPEECH	**REPORTED SPEECH**
now	then
today	that day
tonight	that night
yesterday	the previous day, the day before
last week	the previous week, the week before
a month ago	the previous month, the month before
tomorrow	the following day, the day after, the next day
next week	the following week, the week after
here	there
this	that
these	those

O estilo indirecto emprégase para contar o que alguén dixo sen citar exactamente as súas palabras.

Reported statements

Para contarmos en presente o que alguén vén de dicir, abonda con suprimir as comiñas e cambiar o pronome suxeito e a persoa do verbo.

"I'm a very responsible person."
***He says** that **he is** a very responsible person.*
(Di que é unha persoa moi responsábel.)

Mais o normal é que o verbo que introduce a subordinada en estilo indirecto vaia en pasado; daquela prodúcese un cambio importante: o verbo da subordinada dá un salto atrás no tempo (de *Present Simple* a *Past Simple*, deste último a *Past Perfect Simple*, etc.).

Os verbos máis comúns para introducir o estilo indirecto son **say** e **tell**. **Tell** sempre leva un obxecto indirecto sen a preposición **to**. **Say** non adoita levar obxecto indirecto, mais, de levalo, debe ir con esa preposición.

A oración subordinada vai introducida pola conxunción **that**, aínda que no inglés falado adoita omitirse.

"We decided to give them a reward," they said.
*They **told us (that)** they **had decided** to give them a reward.*
*They **said (that)** they **had decided** to give them a reward.*
(Dixéronnos que decidiran darlles unha recompensa.)

O cambio de estilo directo a indirecto tamén afecta ás expresións de tempo e de lugar, aos demostrativos e aos posesivos.

"I've been waiting here," she said.
*She **said (that)** she **had been waiting there**.*
(Dixo que estivera agardando aí.)

Cando a frase enuncia unha verdade xeral, non hai cambio nos tempos verbais.

"We all learn from mistakes," our teacher said.
*Our teacher **said that** we all **learn** from mistakes.*
(A nosa profesora dixo que todos aprendemos dos erros.)

Reported questions

Hai dous tipos de preguntas en inglés:

- As **Yes / No questions** son as que se poden responder cun "si" ou cun "non". Para poñelas en estilo indirecto emprégase o verbo **ask** en pasado e, a continuación, **if** ou **whether**, o suxeito e o verbo. Como a pregunta deixa de selo e se converte nunha afirmativa, non hai inversión suxeito-verbo nin signo de interrogación, e tampouco comiñas.

  "Did you have lunch at home?" my mum asked.
  *My mum **asked if / whether I had had** lunch at home.*
  (Miña nai preguntoume se comera na casa.)

- As **Wh- questions** non se poden contestar cun "si" ou cun "non". Son as que comezan cunha partícula interrogativa (**what**, **who**, **where**, **when**, **why**, **whose**, **how**, **how long**, etc.). Ao pasalas ao estilo indirecto ponse o verbo **ask** en pasado seguido da devandita partícula (no canto de **if** ou **whether**). Logo van o suxeito e o verbo, e prescíndese do signo de interrogación e das comiñas.

  "Who were you talking to?" Molly asked.
  *Molly **asked who I had been talking to**.*
  (Molly preguntou con quen estivera a falar.)

Reported orders / requests

Para pasarmos unha orde a estilo indirecto poñemos o verbo **order** ou **tell** en pasado e, a continuación o verbo que estaba en imperativo cámbiase por un infinitivo con **to** (o verbo **tell** sempre debe ir seguido dun obxecto indirecto). Con esta mesma estrutura poden empregarse **ask** ou **beg** para expresar pedimentos e **warn** para advertir a alguén de algo.

Ao pedirmos algo, polo xeral dise **please** en estilo directo, mais adoita omitirse en estilo indirecto ao considerarse que está implícito nos verbos **ask**, **beg**, etc.

"Please stop the car," the police officer asked.
*The police officer **asked me to stop** the car.*
(O policía pediume que parase o coche.)

"Please stay with us, Kate!" the woman begged.
*The woman **begged Kate to stay** with them.*
(A muller suplicolle a Kate que quedase con eles.)

Make the Grade 2 Galician © Burlington Books

Cando se trata dunha oración negativa, ponse **not** diante de **to**.

"Please don't shout at him."
*He **told me not to shout** at him.*
(Díxome que non lle berrase.)

Reported suggestions

Primeiro póñense o suxeito e o verbo **suggest** ou **recommend** en pasado e, a continuación, dise o que suxeriu esa persoa. Tamén se poden empregar **advise** para dar consello e **invite** para facer unha invitación. Estes últimos sempre van seguidos dun obxecto indirecto e o verbo en infinitivo con **to**.

"You should come to see the parade," they said.
*They **invited us to see** the parade.*
(Convidáronnos a ver o desfile.)

As suxestións con **suggest** e **recommend** poden pasarse a estilo indirecto de dúas formas:

- Empregando unha oración de obxecto directo introducida por **that**, co seu suxeito e o verbo na forma base.

  "You should take yoga classes," Brian said.
  *Brian **recommended that I take** yoga classes.*
  (Brain recomendoume ir a clase de ioga.)

- Empregando o xerundio, sen especificar ningún suxeito.

  "We should read it all over again," my colleague said.
  *My colleague **suggested reading** it all over again.*
  (O meu compañeiro de traballo suxeriu lelo todo outra vez.)

Reporting verbs

Os verbos máis empregados para introducir o estilo indirecto son **say**, **tell** e **ask**, que transmiten a mensaxe sen reflectir o ton ou a intención da frase. Mais, se tamén se quere comunicar o ton ou a intención do falante, pódense empregar outros moitos **reporting verbs**:

- Afirmacións: **add**, **admit**, **agree**, **announce**, **answer**, **apologise**, **boast**, **claim**, **complain**, **declare**, **deny**, **explain**, **inform**, **insist**, **mention**, **offer**, **predict**, **promise**, **refuse**, **remind**, **reply**, **state**, etc.
- Preguntas: **enquire**, **request**, **want to know**, **wonder**, etc.
- Ordes: **demand**, **order**, **shout**, **warn**, etc.
- Súplicas: **beg**, etc.
- Suxestións: **advise**, **invite**, **recommend**, **suggest**, etc.

  "The whole city has been evacuated."
  *She **claimed** that the whole city had been evacuated.*
  (Afirmou que toda a cidade fora evacuada.)

  "Did it stop raining?"
  *Lucca **wanted to know** if it had stopped raining.*
  (Lucca quixo saber se parara de chover.)

  "You shouldn't trust her."
  *He **warned** me not to trust her.*
  (Advertiume que non confiase nela.)

  "Please help me prepare for the interview."
  *Alex **begged** me to help him prepare for the interview.*
  (Alex suplicoume que o axudase a prepararse para a entrevista.)

  "You should have a healthier lifestyle."
  *Alice **recommended** having a healthier lifestyle.*
  *Alice **recommended** that I have a healthier lifestyle.*
  (Alice recomendoume que levase un estilo de vida máis saudábel.)

Translation Exercises

Translate the sentences in your notebook.

UNIT 1

1. Dentro de Colombia, sempre empregamos voos locais para desprazarnos.
2. Cando García Márquez gañou o Premio Nobel, xa publicara o seu libro máis vendido.
3. Sally levaba a traballar como guía turística a tempo completo dez anos cando lle ofreceron un traballo mellor.
4. Nunca me aloxara nun complexo turístico tan luxoso até o día da miña voda.
5. Mark leva subindo vídeos animados desde que se converteu en blogueiro.

UNIT 2

1. Oxalá eu non gañase tanto peso na dúas últimas semanas.
2. Maggie non acadará os seus obxectivos a non ser que siga este programa de adestramento.
3. Non te sentirías tan somnolento se durmises ben a noite anterior.
4. Non estarías en baixa forma se foses máis a miúdo ao ximnasio.
5. Susan recuperarase así que tome os antibióticos correctos.

UNIT 3

1. Os personaxes principais son interpretados por dous actores excelentes.
2. Cando se estreará a nova secuela de *Os xogos da fame*?
3. Algunhas veces deben asumirse riscos para ter éxito na vida.
4. Cantos cartos foron recadados polas celebridades para axudar á xente de Puerto Rico?
5. Agárdase que o produtor asuma a súa responsabilidade polo fracaso da película.

UNIT 4

1. Sentinme realmente doída o día en que o meu xefe me dixo que eu non tiña boas habilidades sociais.
2. O título que se precisa para este traballo é un grao de enxeñaría mecánica.
3. Sarah, á que lle acaban de ofrecer un incríbel aumento de soldo, nunca se sentiu máis feliz na súa vida.
4. Intentarei convencelos de que este é un posto para o que son axeitado.
5. Sempre soñei con ter un traballo gratificante que me faga feliz.

UNIT 5

1. O acusado pode ser deixado en liberdade por falta de probas.
2. Debería o goberno prohibir a venda de alcol en supermercados?
3. Sean podería acabar entre reixas porque estivo roubando nunha tenda.
4. Despois de ser condenado polo seu primeiro delito, debería ter endereitado o rumbo.
5. O delincuente podería terse entregado, mais non o fixo.

UNIT 6

1. O experto mencionou que os glaciares se derreterían antes do esperado.
2. Advertíronnos que non tiraramos o noso lixo á estrada.
3. Preguntáronlle ao alcalde onde ían os residuos da cidade.
4. As autoridades afirmaron que as inundacións danaran centos de casas.
5. O primeiro ministro admitiu que estaba fondamente preocupado polo efecto invernadoiro.

Make the Grade 2 Galician © Burlington Books

Phrasal Verbs

Phrasal verbs are verbs that are followed by one or more prepositions or particles. The meaning of a phrasal verb is different from the meaning of the verb itself. There are hundreds of phrasal verbs in English and they are used in both spoken and written language.

break down avariarse, derramarse
break in entrar a roubar; interromper
break into introducirse / meterse en
break out desencadearse, desatarse; estoupar; fuxir
break up romper / cortar / deixar (unha relación)
bring about provocar; supor
bring back volver; devolver
bring up sacar a colación/ relucir, mencionar, amenar; criar
call off suspender, cancelar
carry on seguir, continuar, levar adiante
charge with acusar de
check out reparar en
check up on controlar
cheer up animar(se), alegrar(se)
come across as parecer, semellar
come down with contraer, coller
come up with atopar, encontrar, achar
crack down on tomar medidas drásticas / duras contra
cut down on reducir (o consumo de)
drop out deixar / abandonar (os estudos / unha actividade)
end up rematar, acabar
fall behind retrasarse, quedar atrás
find out esculcar, descubrir
get along levarse ben, conxeniar, leirar
get around moverse / desprazarse (por)
get on with continuar / seguir con
get out saír
get over superar
give away agasallar, doar; revelar
give in renderse, darse por vencido/a
give up deixar (de)
go away irse, marcharse
go back volver, regresar
go on pasar, ocorrer; seguir, continuar
go over repasar
grow apart distanciarse, afastarse
hang out pasar / botar o tempo
keep on seguir, continuar
keep up seguir o ritmo
kick in comezar a facer efecto
knock down derrubar
live up to estar á altura de
look after coidar a / de, ocuparse de, ter conta de
look forward to to ter moitas ganas de, devecer por; quedar á espera de
look on mirar, quedar mirando (sen facer nada)
look out for estar atento/a a
look up procurar; visitar; erguer a vista
look up to admirar / respectar a
make up constituír
make up for compensar (a alguén por)
move on pasar páxina, seguir adiante
pass away falecer, finar
pass out desmaiarse, esvaecerse, perder o coñecemento
pay back volver / devolver cartos
pick up aprender; recoller; mellorar
pull through recuperarse (de)
put down soltar, deixar; menosprezar; anotar, apuntar
put off aprazar, pospoñer, adiar
put on poñer (roupa)
put up colgar, pendurar, pór
put up with tolerar, soportar, aguantar, aturar
rely on contar con; depender de
run away fuxir, escapar(se)
run into atoparse con
run out of quedar sen
sell out esgotarse
set off saír, partir
set up abrir (un negocio); tender unha trampa a; crear; montar
show up presentar (nun lugar), aparecer
slim down baixar de / perder peso, adelgazar
slow down ir máis amodo, frear(se); reducir
stand out sobresaír, salientar, destacar
take after asemellarse a
take off quitar (roupa); engalar
take over estenderse por; facerse co control (de)
think through reflexionar sobre, considerar
try out experimentar
turn against poñerse en contra de, volverse contra
turn down rexeitar
turn in entregar(se); ir deitarse
turn into transformar / converter en
turn out resultar
turn up presentarse, chegar
wipe out acabar con, rematar con
work out atopar, idear; calcular

Prepositions

Some nouns, verbs and adjectives are followed by a specific preposition. In some cases there is more than one possibility, but this changes the meaning.

VERBS + PREPOSITIONS

agree on estar de acordo en; acordar
agree to acceder a
agree with estar de acordo con
apologise for pedir desculpas / perdón por
apologise to pedir desculpas / perdón a
appeal to atraer a, chamar a atención de
apply for presentar unha solicitude para, solicitar
approve of aprobar, dar o visto e prace a, estar de acordo con
argue about discutir / rifar por
argue with discutir/ rifar con
believe in crer en
benefit from beneficiarse de
blame (someone) for botar a culpa / culpar (a alguén) de / por
blame (something) on botar a culpa / culpar (de algo) a
comment on comentar
complain about queixarse de
concentrate on concentrarse / centrarse en
consist of compoñerse de
cope with facer fronte a; arrostrar
deal with tratar / lidar con
depend on contar con; depender de
develop into transformarse en
disappear from desaparecer de
expose to expoñer a
face with enfrontarse a, arrostrar
focus on concentrarse / centrarse en
get rid of desfacerse de
glare at fulminar coa ollada a
go beyond ir máis alá de / alén de
hear about saber, coñecer de
hear from ter noticias / saber de
hear of oír / ouvir falar de
insist on insistir en (que)
join in unirse a; participar en
laugh at rirse / burlarse de
lead to dar lugar a, levar / conducir a
let in deixar entrar
look out mirar fóra
name after levar o nome de, chamarse como
object to oporse / opoñerse a
participate in participar en
prevent from evitar, impedir
provide with ofrecer, subministrar, proporcionar
remind (someone) of lembrar (alguén) a
remind (someone) to lembrar (algo a alguén)
search for procurar / buscar a
slide into esvarar / escorregar por
stare at fitar, mirar fite a fite
step inside entrar a, adentrarse en
succeed in ter éxito (con), triunfar (en); acadar
take from cobrar
think about pensar / coidar en
think of pensar en, idear
urge to incitar a
walk around deambular, errar, vagar / dar voltas por
worry about preocuparse por

NOUNS + PREPOSITIONS

advantage / disadvantage of vantaxe / desvantaxe de
ban on prohibición de
benefit of beneficio, proveito / vantaxe de
chance of probabilidade / posibilidade de
control over control sobre
cost of gasto / custo de
demand for demanda de
effect of efecto de
effect on efecto / influencia sobre
end of final / ruptura de
example of exemplo de
form of forma de
group of grupo de
impact on impacto / repercusión en
increase in aumento / incremento de
interest in interese en / por
lack of falta / escaseza de
number of número / cantidade de
protection from protección fronte a / contra
reaction to reacción a / ante
reason for razón / motivo de
revolution in revolución en
role in papel en
search for busca / procura de
solution to solución para / a
stream of montes / moreas de
use of consumo / uso de
way of maneira / xeito / forma de

ADJECTIVES + PREPOSITIONS

angry with enfadado/a con
aware of consciente de
capable of capaz de
disappointed with decepcionado/a con
excellent for excelente / ideal para
experienced in experimentado/a en
fond of encantado/a con
good at bo/a en
good for bo/a para
impressed with impresionado/a con
interested in interesado/a en / por
jealous of celoso/a de
keen on afeccionado/a a
known for coñecido/a / famoso/a por
patient with paciente con
(im)possible for (im)posíbel para
proud of orgulloso/a / fachendoso/a de
responsible for responsábel de
skilful at hábil / destro/a en
suitable for axeitado/a / apropiado/a para
tired of canso/a / farto/a de

Make the Grade 2 Galician © Burlington Books

Irregular Verb Forms

Many verbs in English have irregular forms. It's important to memorise these irregular forms.

BASE FORM (V1)	PAST SIMPLE (V2)	PAST PARTICIPLE (V3)	GALEGO
be /biː/	**was** / **were** /wɒz/wɜː/	**been** /biːn/	ser, estar
beat /biːt/	**beat** /biːt/	**beaten** /'biːtn/	golpear, bater
become /bɪ'kʌm/	**became** /bɪ'keɪm/	**become** /bɪ'kʌm/	chegar a ser, converterse
begin /bɪ'gɪn/	**began** /bɪ'gæn/	**begun** /bɪ'gʌn/	comezar, empezar
bend /bend/	**bent** /bent/	**bent** /bent/	dobrar(se)
bet /bet/	**bet** /bet/	**bet** /bet/	apostar
bite /baɪt/	**bit** /bɪt/	**bitten** /'bɪtn/	trabar, morder
bleed /bliːd/	**bled** /bled/	**bled** /bled/	sangrar
blow /bləʊ/	**blew** /bluː/	**blown** /bləʊn/	soprar
break /breɪk/	**broke** /brəʊk/	**broken** /'brəʊkn/	crebar, romper, rachar
bring /brɪŋ/	**brought** /brɔːt/	**brought** /brɔːt/	traer
build /bɪld/	**built** /bɪlt/	**built** /bɪlt/	construír
burn /bɜːn/	**burnt** / **burned** /bɜːnt/bɜːnd/	**burnt** / **burned** /bɜːnt/bɜːnd/	queimar
burst /bɜːst/	**burst** /bɜːst/	**burst** /bɜːst/	estoupar, estourar
buy /baɪ/	**bought** /bɔːt/	**bought** /bɔːt/	mercar, comprar
catch /kætʃ/	**caught** /kɔːt/	**caught** /kɔːt/	coller, agarrar
choose /tʃuːz/	**chose** /tʃəʊz/	**chosen** /'tʃəʊzn/	elixir
come /kʌm/	**came** /keɪm/	**come** /kʌm/	vir
cost /kɒst/	**cost** /kɒst/	**cost** /kɒst/	custar
cut /kʌt/	**cut** /kʌt/	**cut** /kʌt/	cortar
deal /diːl/	**dealt** /delt/	**dealt** /delt/	comerciar, tratar
dig /dɪg/	**dug** /dʌg/	**dug** /dʌg/	cavar, sachar
do /duː/	**did** /dɪd/	**done** /dʌn/	facer
draw /drɔː/	**drew** /druː/	**drawn** /drɔːn/	debuxar
dream /driːm/	**dreamt** / **dreamed** /dremt/driːmd/	**dreamt** / **dreamed** /dremt/driːmd/	soñar
drink /drɪŋk/	**drank** /dræŋk/	**drunk** /drʌŋk/	beber
drive /draɪv/	**drove** /drəʊv/	**driven** /'drɪvn/	conducir
eat /iːt/	**ate** /eɪt/	**eaten** /'iːtn/	comer
fall /fɔːl/	**fell** /fel/	**fallen** /'fɔːln/	caer
feed /fiːd/	**fed** /fed/	**fed** /fed/	alimentar
feel /fiːl/	**felt** /felt/	**felt** /felt/	sentir(se)
fight /faɪt/	**fought** /fɔːt/	**fought** /fɔːt/	loitar, pelexar
find /faɪnd/	**found** /faʊnd/	**found** /faʊnd/	atopar, achar, encontrar
fly /flaɪ/	**flew** /fluː/	**flown** /fləʊn/	voar
forbid /fə'bɪd/	**forbade** /fə'beɪd/	**forbidden** /fə'bɪdn/	prohibir
forget /fə'get/	**forgot** /fə'gɒt/	**forgotten** /fə'gɒtn/	esquecer
forgive /fə'gɪv/	**forgave** /fə'geɪv/	**forgiven** /fə'gɪvn/	perdoar
freeze /friːz/	**froze** /frəʊz/	**frozen** /'frəʊzn/	conxelar(se)
get /get/	**got** /gɒt/	**got** /gɒt/	conseguir; chegar
give /gɪv/	**gave** /geɪv/	**given** /'gɪvn/	dar
go /gəʊ/	**went** /went/	**gone** /gɒn/	ir
grow /grəʊ/	**grew** /gruː/	**grown** /grəʊn/	crecer; cultivar
hang /hæŋ/	**hung** / **hanged** /hʌŋ/hæŋd/	**hung** / **hanged** /hʌŋ/hæŋd/	pendurar, colgar
have /hæv/	**had** /hæd/	**had** /hæd/	ter; haber
hear /hɪə/	**heard** /hɜːd/	**heard** /hɜːd/	oír, ouvir
hide /haɪd/	**hid** /hɪd/	**hidden** /'hɪdn/	acocharse, agocharse
hit /hɪt/	**hit** /hɪt/	**hit** /hɪt/	golpear, bater, pegar
hold /həʊld/	**held** /held/	**held** /held/	suxeitar, soster, termar de
hurt /hɜːt/	**hurt** /hɜːt/	**hurt** /hɜːt/	ferir, facer dano, mancar; doer
keep /kiːp/	**kept** /kept/	**kept** /kept/	gardar, manter
know /nəʊ/	**knew** /n juː/	**known** /nəʊn/	saber, coñecer
lay /leɪ/	**laid** /leɪd/	**laid** /leɪd/	poñer, pór; estender
lead /liːd/	**led** /led/	**led** /led/	guiar, conducir
learn /lɜːn/	**learnt** / **learned** /lɜːnt/lɜːnd/	**learnt** / **learned** /lɜːnt/lɜːnd/	aprender
leave /liːv/	**left** /left/	**left** /left/	deixar; irse, marchar, saír

BASE FORM (V1)	PAST SIMPLE (V2)	PAST PARTICIPLE (V3)	GALEGO
lend /lend/	**lent** /lent/	**lent** /lent/	prestar, emprestar
let /let/	**let** /let/	**let** /let/	permitir, deixar
lie /laɪ/	**lay** /leɪ/	**lain** /leɪn/	tombarse, deitarse
lie /laɪ/ (regular verb)	**lied** /laɪd/	**lied** /laɪd/	mentir
light /laɪt/	**lit** /lɪt/	**lit** /lɪt/	acender, prender
lose /luːz/	**lost** /lɒst/	**lost** /lɒst/	perder
make /meɪk/	**made** /meɪd/	**made** /meɪd/	facer, fabricar
mean /miːn/	**meant** /ment/	**meant** /ment/	significar, querer dicir
meet /miːt/	**met** /met/	**met** /met/	coñecer a; quedar con
pay /peɪ/	**paid** /peɪd/	**paid** /peɪd/	pagar
put /pʊt/	**put** /pʊt/	**put** /pʊt/	poñer, pór
read /riːd/	**read** /red/	**read** /red/	ler
ride /raɪd/	**rode** /rəʊd/	**ridden** /'rɪdn/	montar
ring /rɪŋ/	**rang** /ræŋ/	**rung** /rʌŋ/	chamar (por teléfono)
rise /raɪz/	**rose** /rəʊz/	**risen** /'rɪzn/	elevarse, erguerse
run /rʌn/	**ran** /ræn/	**run** /rʌn/	correr
say /seɪ/	**said** /sed/	**said** /sed/	dicir
see /siː/	**saw** /sɔː/	**seen** /siːn/	ver
sell /sel/	**sold** /səʊld/	**sold** /səʊld/	vender
send /send/	**sent** /sent/	**sent** /sent/	enviar
set /set/	**set** /set/	**set** /set/	colocar
sew /səʊ/	**sewed** /səʊd/	**sewn** /səʊn/	coser
shake /ʃeɪk/	**shook** /ʃʊk/	**shaken** /'ʃeɪkn/	axitar
shine /ʃaɪn/	**shone** /ʃɒn/	**shone** /ʃɒn/	brillar, escintilar
shoot /ʃuːt/	**shot** /ʃɒt/	**shot** /ʃɒt/	disparar
show /ʃəʊ/	**showed** /ʃəʊd/	**shown** /ʃəʊn/	amosar, ensinar
shut /ʃʌt/	**shut** /ʃʌt/	**shut** /ʃʌt/	pechar
sing /sɪŋ/	**sang** /sæŋ/	**sung** /sʌŋ/	cantar
sink /sɪŋk/	**sank** /sæŋk/	**sunk** /sʌŋk/	afundir(se)
sit /sɪt/	**sat** /sæt/	**sat** /sæt/	sentar(se)
sleep /sliːp/	**slept** /slept/	**slept** /slept/	durmir
smell /smel/	**smelt** / **smelled** /smelt/smeld/	**smelt** / **smelled** /smelt/smeld/	ulir, cheirar
speak /spiːk/	**spoke** /spəʊk/	**spoken** /'spəʊkn/	falar
spell /spel/	**spelt** / **spelled** /spelt/speld/	**spelt** / **spelled** /spelt/speld/	soletrear
spend /spend/	**spent** /spent/	**spent** /spent/	gastar; pasar (tempo)
spill /spɪl/	**spilt** / **spilled** /spɪlt/spɪld/	**spilt** / **spilled** /spɪlt/spɪld/	verter(se)
spoil /spɔɪl/	**spoilt** / **spoiled** /spɔɪlt/spɔɪld/	**spoilt** / **spoiled** /spɔɪlt/spɔɪld/	arruinar, estragar
spread /spred/	**spread** /spred/	**spread** /spred/	untar; espallar(se)
spring /sprɪŋ/	**sprang** /spræŋ/	**sprung** /sprʌŋ/	choutar, brincar
stand /stænd/	**stood** /stʊd/	**stood** /stʊd/	estar a pé
steal /stiːl/	**stole** /stəʊl/	**stolen** /'stəʊln/	roubar
stick /stɪk/	**stuck** /stʌk/	**stuck** /stʌk/	apegar, pegar
sting /stɪŋ/	**stung** /stʌŋ/	**stung** /stʌŋ/	picar (un insecto)
swear /sweə/	**swore** /swɔː/	**sworn** /swɔːn/	xurar
sweep /swiːp/	**swept** /swept/	**swept** /swept/	varrer
swim /swɪm/	**swam** /swæm/	**swum** /swʌm/	nadar
take /teɪk/	**took** /tʊk/	**taken** /'teɪkn/	coller; levar
teach /tiːtʃ/	**taught** /tɔːt/	**taught** /tɔːt/	aprender, ensinar
tear /teə/	**tore** /tɔː/	**torn** /tɔːn/	romper, rachar, esgazar
tell /tel/	**told** /təʊld/	**told** /təʊld/	dicir, contar
think /θɪŋk/	**thought** /θɔːt/	**thought** /θɔːt/	coidar, pensar
throw /θrəʊ/	**threw** /θruː/	**thrown** /θrəʊn/	tirar; guindar
understand /ʌnde'stænd/	**understood** /ʌnde'stʊd/	**understood** /ʌnde'stʊd/	comprender, entender
wake up /'weɪk ʌp/	**woke up** /'wəʊk ʌp/	**woken up** /'wəʊkn ʌp/	espertar(se)
wear /weə/	**wore** /wɔː/	**worn** /wɔːn/	levar posto; poñer (roupa)
win /wɪn/	**won** /wʌn/	**won** /wʌn/	gañar
write /raɪt/	**wrote** /rəʊt/	**written** /'rɪtn/	escribir

CADROS RESUMO DAS EQUIVALENCIAS DOS TEMPOS VERBAIS ENTRE O INGLÉS E O GALEGO

LEMBRA: os tempos verbais do Subxuntivo galego tradúcense en inglés polos seus correspondentes en indicativo. Así, o Presente de Subxuntivo, o Futuro de Subxuntivo e o Pretérito Imperfecto de Subxuntivo traduciranse igual có Presente, o Futuro e o Pretérito Imperfecto de Indicativo, respectivamente.

Tempos verbais	Tenses	Outras equivalencias
PRESENTE	**PRESENT SIMPLE**	
Eu ando Ti andas El/Ela anda Nós andamos Vós andades Eles/Elas andan	I walk You walk He/She walks We walk You walk They walk	
	PRESENT CONTINUOUS	**PERÍFRASE**
	I am walking You are walking He/She is walking We are walking You are walking They are walking	Eu estou a andar / andando Ti estás a andar / andando El/Ela está a andar / andando Nós estamos a andar / andando Vós estades a andar / andando Eles/Elas están a andar / andando
PRETÉRITO IMPERFECTO	**PAST CONTINUOUS**	**PERÍFRASE**
Eu andaba Ti andabas El/Ela andaba Nós andabamos Vós andabades Eles/Elas andaban	I was walking You were walking He/She was walking We were walking You were walking They were walking	Eu estaba a andar / andando Ti estabas a andar / andando El/Ela estaba a andar / andando Nós estabamos a andar / andando Vós estabades a andar / andando Eles/Elas estaban a andar / andando
	PAST SIMPLE	
	I walked You walked He/She walked We walked You walked They walked	
PRETÉRITO PERFECTO	**PRESENT PERFECT**	**PERÍFRASE**
Eu andei Ti andaches El/Ela andou Nós andamos Vós andastes Eles/Elas andaron	I have walked You have walked He/She has walked We have walked You have walked They have walked	Eu teño andado Ti tes andado El/Ela ten andado Nós temos andado Vós tedes andado Eles/Elas teñen andado

Tempos verbais	Tenses	Outras equivalencias
PRETÉRITO PLUSCUAMPERFECTO	**PAST PERFECT**	**PERÍFRASE**
Eu andara	I had walked	Eu tiña andado
Ti andaras	You had walked	Ti tiñas andado
El/Ela andara	He/She had walked	El/Ela tiña andado
Nós andaramos	We had walked	Nós tiñamos andado
Vós andarades	You had walked	Vós tiñades andado
Eles/Elas andaran	They had walked	Eles/Elas tiñan andado
FUTURO	**WILL**	
Eu andarei	I will walk	
Ti andarás	You will walk	
El/Ela andará	He/She will walk	
Nós andaremos	We will walk	
Vós andaredes	You will walk	
Eles/Elas andarán	They will walk	
FUTURO DO PRETÉRITO	**CONDITIONAL**	
Eu andaría	I would walk	
Ti andarías	You would walk	
El/Ela andaría	He/She would walk	
Nós andariamos	We would walk	
Vós andariades	You would walk	
Eles/Elas andarían	They would walk	
INFINITIVO CONXUGADO	**INFINITIVE / GERUND**	
Eu andar	(to) walk / walking	
Ti andares		
El/Ela andar		
Nós andarmos		
Vós andardes		
Eles/Elas andaren		

Para a tradución do *Future Perfect Simple* e *Future Continuous* repasa os puntos correspondentes na sección "Getting Started" deste mesmo apéndice gramatical.